


XX EDICIÓN DO CERTAME LITERARIO

CEIP CANOSA-RUS
CURSO 2017/18



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**

NARRATIVA

POESÍA

-Eu son Xoán.

-E ti? -Disco Xoán sorprendido.

-Eu son o pegaso Antonio - respondeulle.

-Xoán, queres visitar o meu mundo?

-Pois claro.

-Vamos alá.

O pegaso foille ensinando todo: tramos, fadas, delpes e as constelacións de tauro, virgo, capricornio... Despois de ver ese mundo Xoán estaba moi canso

e botouse a dormir nunha nube branca, esponxosa e moi brandiña. Cando

Xoán despertou estaba no seu cuarto pero o cuarto de Xoán non estaba como sempre, estaba decorado con pegatinas de tramos, fadas, pegasos, xigantes...

Quen sería?

Xoán non o sabía pero foron os seus amigos os tramos, as fadas, os pegasos...

-Eu son Xoán.

-E ti? -Disco Xoán sorprendido.

-Eu son o pegaso Antonio - respondeulle.

-Xoán, queres visitar o meu mundo?

-Pois claro.

-Vamos alá.

O pegaso foille ensinando todo: tramos, fadas, delpes e as constelacións de tauro, virgo, capricornio... Despois de ver ese mundo Xoán estaba moi canso

e botouse a dormir nunha nube branca, esponxosa e moi brandiña. Cando

Xoán despertou estaba no seu cuarto pero o cuarto de Xoán non estaba como sempre, estaba decorado con pegatinas de tramos, fadas, pegasos, xigantes...

Quen sería?

Xoán non o sabía pero foron os seus amigos os tramos, as fadas, os pegasos...

HERACLES E A SEREA

Había unha vez unha serea que estaba sentada sobre unha rocha no mar. Apareceulle Heracles e díxolle:

- Serea, estás moi pálida. Que che pasa?
- Meu pai, Neptuno, que é o deus do mar, quitoume os meus poderes. Que é o que podo facer para que mos devolva?
- O que tes que facer é pedirlle que chos devolva e xa está- aconselloulle Heracles.

Ao instante, apareceu o pai da serea.

- Que fas ti aquí, Heracles? Está castigada, non pode falar contigo nin con ninguén.
- Non é xusto que castigue á súa filla. Por que a castigou?-preguntou Heracles.
- Porque usou os seus poderes sen pensalo dúas veces, e, agora, a súa nai ten pernas en vez de cola de peixe – dixo Neptuno.
- Un erro cométeo calquera. Pero quitarlle os seus poderes xa é pasarse- dixo Heracles.
- Basta xa! Creo que xa aprendín a lección. De feito, sen os meus poderes, non son ninguén- dixo a serea choromicando.
- Vedes o que lle fixo á súa propia filla! Fixoa chorar! Iso non é xusto!-protestou Heracles.
- Non quero que vos anoxedes entre vós! Isto é problema meu, non voso- dixo a serea.
- Non, filla. Non é culpa de ninguén. Se cadra é miña, por non educarte ben. Debín pasar máis tempo contigo- dixo Neptuno.

Así foi como Neptuno lle devolveu os poderes á serea e a súa nai recuperou a cola.



Yanira, 3º

O TESOURO DO KRAKEN

En tempos lexendarios, eu xa existía. Era un despiadado pirata que mataba a quen se me puxera por diante. Por se non o sabedes, fun eu quen matou ao Minotauro...

No noso barco, iamos en dirección á illa do Kraken. Non estabamos armados. Eu díxenlle ao capitán:

- Necesitamos munición!!!
- Toma tres balas. Son as únicas! –respondeume o capitán.
- Es ben tacaño- dixen eu.
- Iso non é certo! –respondeu o capitán.

Roberto, 3º

O xefe e mais eu oímos un PUM! PUM!

- Que pasou?- preguntou o capitán.
 - Chocamos!- respondín.
 - Quen estaba ao temón? –quixo saber o capitán aterrizado.
 - Creo que está Jack Sparrow –respondín non moi seguro.
 - Ups! Pois onte tireino pola borda! –dixo o capitán.
 - Afundimos! Socorro!- berraba mentres intentaba idear un plan.
- O capitán e eu nadamos ata unha illa cercana. Alí vivía o Kraken.
- Que é iso?- preguntei
 - É o Kraken! Corre! Sálvese quen poida! – dixo o capitán.

Loitamos e loitamos ata que o matamos. Agora o capitán e mais eu non queremos marchar porque somos os donos da illa.

A MISIÓN DE ALBA

Había unha vez unha nena chamada Alba. Ela tiña un segredo: era unha superheroína.

Era nova no CEIP CANOSA-RUS. Alí coñeceu a Claudia, a Martina, a Lorena, a Xulia... E moitas máis. O 6 de abril era o aniversario de Xulia. Cumpría 9 anos. Cando Xulia dixo o día e a que hora era, Alba decatouse de que a esa hora tiña unha misión secreta.

- Eu a esa hora non podo.
- Por que? –preguntou estrañada Xulia.
- Por nada – dixo Alba disimuladamente.
- Quérovos ver a todas no meu aniversario!- exclamou Xulia.
- Alí estaremos!- comentou Martina.

Valeria G, 3º

Os pais de Alba sabían que era unha superheroína, pero non sabían que facer para que puidera asistir ao aniversario.

- Xa o teño! Irei á casa da bruxa Matilda e fareime dobre- díxolle Alba aos seus pais.

Pola noite, Alba foi á casa da bruxa Matilda. Cando lle contou o que quería, a bruxa dixo:

- Eu podo cumprir o teu desexo pero a cambio tesme que dar a túa voz por un día.
- Trato feito- contestou Alba.

E así foi como a dobre de Alba estivo no aniversario de Xulia e a verdadeira Alba cumpriu coa súa misión.



A ÁRBORE QUE NARRABA , RECITABA...

No País da Fantasía, que se atopa nunha esquina do mundo, vivía unha árbore que, en cada unha das súas follas, tiña poesías, cómics, dramatizacións, lendas, mitos... Contáballes a todos os veciños as historias máis bonitas. Cada veciño elixía unha folla e a árbore lía o que poñía alí. Todos estaban abraiados e viña xente doutros lugares a escoitar a árbore, Iso que non era nada fácil encontrar ese país, porque estaba feito de soños.

Unha mañá, a árbore apareceu espida e moi triste. Agora xa non podería contar nada. Os veciños, en canto a viron, xuntáronse para averiguar que sucedera.

- Quen lle arrincou as follas? - pregunta un rapaz.
- Sería o vento, que esta noite soprou forte - responde o pai.
- Non llas roubaría alguén? - comenta unha nai.

Fan un lote de suposicións. Os pais deciden, pasados uns días, que xa que non lles serve para nada e está feo, mellor cortalo. Farán leña para o inverno.

As nais e os nenos, en canto se enteran, enfádanse e deciden que non permitirán iso.

- Non pode ser! - exclama Andrés - que sabe moitas poesías grazas á árbore.
- Eu coñezo moitos mitos porque mos ensinou el- berraba Xosé.

Diego, 5º

- Así que agora que non é de utilidade, quérense desfacer dela? - di Ana.
- Así son os humanos - recoñeceu Andrés.

Seguen dándolle voltas e un rapaz di:

- Xa sei como arranxar este asunto! Todos nós coñecemos distintas composicións.
- Si!, cada un escribe nunha folla aquilo que sabe, pintámola ben e poñemos todo os traballos nas pólas - apunta unha nai.

Todos foron para as súas casas, nais e fillos, e puxéronse ao traballo. Nun días, despois de consultar libros, internet... tiñan unhas follas moi bonitas. Uns avisaron a outros e xuntos colocáronllas á árbore que axiña recobrou a alegría ao verse tan bonita e lucía un sorriso que lle chegaba de orella a orella.

Cando os homes a viron tan espléndida, avergonzáronse un pouco pola idea que tiveran.



O INVERNO INFINITO

Nunha época remota, onde a cabeza valía máis que os pés, había una familia con tres fillos que habitaban nunha cova. Sobrevivían grazas aos animais que cazaban e aos froitos que recolectaban.

Un día chegou o duro inverno, tan frío e rigoroso coma os icebergs da Antártida e parecía que viñera para quedarse. Pasaba o tempo e non se daba ido. Á familia custáballe sobrevivir porque o tempo non favorecía a caza e as provisións íanselle acabando. Precisaban cambiar de estación, que aparecera a primavera xa. Entre todos buscaron posibles solucións e o fillo pequeno comezou a debuxar nubes e máis nubes de cores de tamaños diferentes ao longo de toda a cova. Xusto entón apareceu Tlalock, o deus da chuvia e o fillo maior entablou conversa co deus:

- Ooooh, gran deus da chuvia! Por que non deixas de mandar auga dunha vez? O inverno estanos resultando moi duro!
- Non é culpa miña - respondeu o deus.
- Entón, quen é o culpable? -di o pai.
- A culpa é do vento que emigrou ao sur na busca dos seus amigos que traen calor.
- Como podemos invocalo? - inquiriu o fillo pequeno.
- Debuxáas nas paredes - contestou Tlalock, en ton burlón.
- Irmanciño, ti que debuxas moi ben, ponte ao traballo- suplica o rapaz mediano.


Obedecendo ao seu irmán, o pequeno debuxou moitos ventos: ao vento burlón que levaba chapeu de limón, ao vento enfadado que tiña un ton avermellado, ao vento lambón que comía un montón, ao vento comodón que non se movía do salón...

De súpeto, aparece Eolo moi enfadado e dirixíndose aos presentes:

- Quen ousa invocarme? Espero que sexa por algo moi importante. Eu non podo perder tempo con parvadas!
- Ooooh, gran deus do vento! Necesitamos que o inverno acabe xa, porque se segue o tempo así...
- Que me ofrecedes a cambio?
- Darémosche una parte da nosa caza e da nosa colleita.
- De acordo.

Eolo empezou a soprar e soprar e soprou tanto, tanto que enviou as nubes ata a outra punta do mundo, permitindo que viñera o bo tempo. A familia deulle as grazas e acordaron facerlle una estatua de pedra coa forma do deus, unha estatua moi rudimentaria porque non dispoñían aínda das ferramentas axeitadas.

E colorín, colorete, este conto rematou nun periquete.



Lucas , 5º

O meu sistema solar

Nunha estrela doime Elena
soñando cunha nena.



Na lúa xoga Lucía
que chouta de alegría.

Nun planeta está Jorgeño
e corre moi rapidiño



No sol está Daniel
e pinta co seu pincel.



En Marte está Rodrigo
mentres come un figo.

E no sistema solar
isto poder contemplar.



Clara e
Nuria, 2ºA

Que riches?

- Eu na rúa vin un gato

que vivía nun burato.

Eu na lúa vin un rato

que mercara 10 zapatos.

- Eu na casa xoga co balón

mentres como un bombón.

Eu no campo vin unha ovela

mentres comía unha orela.



O Rei do mar

Diego, 2º B

Eu sou o rei do mar.
Vivo aqui para nadar,
cantar com sirenas e bailar.
Elas moi contentes um estar
tambo mexammas aos barcos chocar.




As peixarias lencandarias

Eu vin unha cousa
con ós de dragón
parecía un pescaro.
Sería un falcón?

Eu pilleille moito medo
a este tiranosaura,
cando limpei os allos
era a minotauro!

Eu quedei parada
cando vin a medusa
para como era valente
Chameille Maruxa!



Manuel, 3º

Deuses do Olimpo

O deus dos deuses
chámase Zeus.

Vino no ceo
e díxenlle adeus.





O deus dos mortos
chámase Hades
saíu do inferno
e vino nos Acares.



O deus dos lagartos
chámase tiranosauru
foi ao labirinto
do gran minotauro.




O deus dos viaxeiros
chámase Hermes
levaba unha bolsa...
con moitos vermes!




Íker, 3º






POESÍA




Subes



apertas

É na lúa,
unha aperta túa.
É no sol,
días apertas de amor.
É no arco da vella,
catro apertas dunha estrela.
É no campo,
seis apertas e un canto.
É no mar,
dez apertas e sonar.
É nas nubes,
cen apertas e subes.
É nas montañas,
todas as apertas que ti gañas.



Elena, 5º

Os mil soños

Tu teño mil soños
que se poden cumprir,
un deles é voar
no mes de abril.

Ver un unicornio
en scaneiro,
fadas e bruxas
en febreiro.

Potes e caldeiras
no mes de marzo,
bruxas e bruxos
feitos de trapo.

Julia, 6º

Teño máis soños
que cen paxinos ocuparían,
pero non volas con dicir
porque vos aburriría.

'17 DE MAIO
DÍA DAS LETRAS GALEGAS

ESCRITORA HOMENAXEADA

MARÍA
VICTORIA
MORENO
MÁRQUEZ

CEIP CANOSA-RUS
EDLG

